



CONCELLO DE TORDOIA

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº01 DO PXOM DE TORDOIA



APROBACIÓN INICIAL

MEMORIA

DILIXENCIA: Que o presente documento de Modificación Puntual Nº1 do PXOM de Tordoia foi aprobado inicialmente en sesión do Pleno do Concello, de data 7 de Febrero de 2024.
A Secrearía
Beatriz Oveja Villalón
(estirado doblamente)

POLÍGONO DO TAMBRE - VÍA LA CIERVA, Nº 15
15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.



MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA

ÍNDICE

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA	3
1.- CATÁLOGO.....	3

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA

1.- CATÁLOGO

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no seu artigos 52, apartado h, establece que se incluírá un catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais, haxan de ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.

Por outra parte, a Lei do solo de Galicia no seu articulo 81, define Os catálogos como instrumentos complementarios dos Plans cuxo obxecto é identificar os elementos que, polas súas singularidades características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, estívese conveniente conservar, mellorar ou recuperar.

Identificaranse os núcleos rurais, inmobles, construcións, instalacións ou outros elementos existentes de carácter tradicional en solo rústico, ou conxuntos de estes, que merezan ser obxecto de especial protección en razón aos seus valores culturais, históricos, artísticos, arqueolóxicos ou etnográficos, tais como vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, Igrexas, pontes xacementos arqueolóxicos e outros.

Nesta MODIFICACIÓN PUNTUAL DE PLANEAMENTO acolléndonos a esta lexislación, atopáronse os seguintes elementos, no ámbito motivo da MP, merecedores de conservar polos seus valores culturais, arquitectónicos, históricos, artísticos, etnográficos e/ou naturais.

A continuación, achégase un listado dos elementos merecedores de conservar:

- 5 hórreos tradicionais no interior do núcleo rural.



CP-10_02



CP-10_03



CP-10_04



CP-10_01



CP-10_05



CP-10_05

O listado de bens que presentamos acompáñase de información detallada e do grao de protección que cada un deles require coas condicións dos mesmos. Este listado realizase sen prexuízo das condicións que a lexislación sectorial vixente poda establecer para cada un deles, e para calquera outros que se puidesen engadir.

Grupo Arqueolóxico

Grupo Arquitectónico

Arquitectura Religiosa

Arquitectura Civil

Construcións populares

Cruceiros e Petos de Ánimas

Obras Cívís

Conxunto Histórico

Conxunto Etnolóxico

GRUPO ARQUEOLÓXICO

Listado de bens a protexer dentro do grupo arqueolóxico:

Non se atoparon bens que protexer na entorna próxima.

GRUPO ARQUITECTÓNICO

Dentro do Grupo Arquitectónico procédese a un listado por tipo de elemento catalogado seguindo a subdivisión do grupo arquitectónico.

TABLA 1.- *Listado por tipoloxía de elemento.*

Bens Etnográficos			
Código	Elemento catalogado	Núcleo/Lugar	Parroquia
CP-10_01	Hórrea (I)	Carballal, O	Vila de Abade (San Cibrán)
CP-10_02	Hórreo (I)	Carballal, O	Vila de Abade (San Cibrán)
CP-10_03	Hórreo (II)	Carballal, O	Vila de Abade (San Cibrán)
CP-10_04	Hórrea (II)	Carballal, O	Vila de Abade (San Cibrán)
CP-10_05	Hórrea (III)	Carballal, O	Vila de Abade (San Cibrán)


No referido aos hórreos catalogados, non existen evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901. En base a isto, posto que se lles recoñecen un especial valor cultural, principalmente etnolóxico, son catalogados pola presente modificación puntual.

No tocante ós restantes hórreos modernos detectados e non catalogados, a continuación achéganse imaxes que xustifican a ausencia de características que merezan ser obxecto de especial protección.



Hórreos de construción arredor dos anos 50, con estrutura de formigón, paramentos de ladrillo cerámico visto e cuberta con placas de fibrocemento vistas.

Asemade, compróbase que o hórreo moderno grafado polo PXOM ao noroeste do asentamento, non existe na realidade polo que procede corrixir a cartografía.



No tocante a existencia, indicada no informe de patrimonio, de dúas edificacións situadas nas marxes do rego das Cerdeiras, cómpre indicar que realizado o traballo de campo correspondente non foron localizadas.



Tordoia, xaneiro de 2024

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

Arquitecto